

VIAXE DE AGA A TORRELAVEGA-CANTABRIA

Días 20, 21, 22, 23 e 24 de outubro de 2011

- . Día 20 Viaxe Galicia-Xixón
- . Día 21 Encontro coa apicultura asturiana. Xardín Botánico de Xixón
Pola tarde visita a Santillana del Mar. Viaxe ata Torrelavega
- . Día 22 Asistencia a III Feira Apícola de Cantabria-Torrelavega
- . Día 23 Feira Apícola de Torrelavega. Turismo polo Val do Pas por Cantabria
- . Día 24 Viaxe de regreso a Galicia

- O prezo da viaxe oscilará entre 219 e 298 Euros dependendo do número de persoas e do hotel elixido; este prezo inclúe o autobús e o hotel en habitación dobre e con almorzo
- Hai que apuntarse antes do día 30 de setembro chamando a AGA, teléfono 981 508 142
- AGA estará presente na III Feira apícola de Cantabria cun stand

** Programa da Feira pola parte de atrás*

NOVA BIBLIOTECA APÍCOLA GALEGA

Proxecto de Biblioteca dentro de Programa “Galicia Terra de Abellas”

Dentro dunha apicultura multifuncional e dentro do proxecto “Galicia, terra de abellas”, no Centro do Queixo e do Mel en Arzúa pretendemos crear a nova **BIBLIOTECA APÍCOLA GALEGA**, de referencia internacional, no Camiño de Santiago.

Para a iniciación desta nova **BIBLIOTECA APÍCOLA GALEGA** propoñemos:

Que todos os socios e socias de AGA que queiran e poidan colaborar doen publicacións a esta biblioteca, en calquera dos idiomas existentes ao longo do mundo.

Tamén nos diriximos ás persoas que por distintas razóns, xa non son socios e socias de AGA, pero queiran participar neste proxecto colectivo doando publicacións de apicultura que consten no seu poder.

Os asociados poden facer as doazóns entregando os exemplares na sede da Asociación en Arzúa na primeira oportunidade que teñan.

Os que non son socios poden chamar a AGA para informarse, teléfono 981 508 142.

Todos os doadores figurarán nunha lista de exposición pública.

O obxectivo desta nova Biblioteca é que os novos abelleiros e abelleiras poidan usala como centro de información e formación apícola permanente. E tamén chegar a ser unha referencia internacional no Camiño de Santiago, para ser visitada por persoas de calquera parte do mundo, que xa nos veñen a visitar cada vez en maior número. Esta **BIBLIOTECA APÍCOLA GALEGA** ten que ser un orgullo dos abelleiros e abelleiras de Galicia comprometidos coa nosa Terra e un legado de AGA ás xeracións vindeiras.

Por todos estes motivos estades convidados a participar neste proxecto colectivo que de seguro vai ser un pulo moi importante na achega de AGA ao mundo das abellas con referencia e transcendencia internacional.

III FEIRA APÍCOLA DE CANTABRIA

22 e 23 de outubro de 2011 no Mercado Nacional de Gandos de Torrelavega

PROGRAMA

SÁBADO, 22 DE OUTUBRO

- . 10:00 horas **Apertura da Feira**
- . 10:45 horas **Inauguración oficial da Feria polas autoridades**
- . 11:00 horas **Presentación das Xornadas Apícolas**
- . 11:15 horas **A apicultura na UE: situación actual e perspectivas de futuro**
Relator: **MANUEL IZQUIERDO GARCÍA**. Biólogo. Apicultor.
Responsable de Apicultura da Executiva Rexional de COAG Andalucía
Vpte. do Grupo Consultivo Apicultura da Comisión Europea en Bruselas
- . 13:00 horas **Insecticidas sistémicos neurotóxicos e abellas**
Relatora: **NOA SIMON DELSO**. Veterinaria
Coordinación Apícola Europea no CARI da Universidade de Louvain la Neuve en Bélxica
- . 16:00 horas **A avéspera asiática, un inimigo máis na casa**
Relator: **JULIÁN URQUIOLA BORDA**. Apicultor
Pte. da Asociación de Apicultores de Guipúzcoa
- . 17:30 horas **Terceiro encontro de Asociacións de Apicultores da Cornixa Cantábrica**
Debate: Presentación da Confederación en defensa da abella na Cornixa Cantábrica
- . 20:30 horas **Peche das instalacións**

DOMINGO, 23 DE OUTUBRO

- . 10:00 horas **Apertura da Feira**
- . 10:05 horas **Concurso de postres con mel**
Este ano como novidade haberá dúas categorías, postres creativos e tradicionais
- . 11:00 horas **Cata comentada de meles de Cantabria**
Relatores: **SILVIA CAÑAS**. Enx. Técnico Agrícola e Directora da revista *Vida Apícola*
MARCOS NEGRETE OCEJO. Gañador (2008 e 2011) do Concurso Nacional de Catadores de mel na categoría de profesionais de Pastrana. Apicultor
- . 12:00 horas **Acidentes pola picadura da abella**
Relator: **OBDULIO M. GONZÁLEZ MARTÍNEZ**. Enfermeiro de medicina preventiva do Sierrallana de Torrelavega do SCS. Técnico superior en prevención de riscos laborais
- . 13:30 horas **Entrega de premios dos concursos celebrados na Feira**
- . 15:00 horas **Clausura da Feira**

ACTIVIDADES XERAIS DA FEIRA

- Exposición de material e produtos apícolas rexionais e nacionais
 - Xornadas apícolas
 - Concurso de debuxo "O mundo das abellas"
 - Obradoiro de candeas
- Concurso de postres con mel con dúas categorías
- O recuncho do apicultor. Espazo para mostrar inventos, ideas
 - Degustación de produtos apícolas
- Mostra etnográfica da apicultura en Cantabria
 - Exposición fotográfica

ATENCIÓN AOS SOCIOS

No Centro do Queixo e do Mel, Arzúa

Horario: De 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas, a diario

Tel.: 981 508 142 e 630 069 637

e-mail: aga@queixoemel.org • agapicultura@gmail.com • Web: www.apiculturagalega.org